



## ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DAS PROBAS SELECTIVAS SEGUNDO EXERCICIO: PROBA DE COÑECEMENTOS (ALEGACIÓNS) Praza/s: Auxiliar Administrativo (PIE)

Prazas núm.: 1

Plan/Programa/Convenio/Orde: Programa Integrado de Emprego (PIE) da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia

Fase: oposición, quenda libre

Asunto: a resolución das alegacións/recursos da cualificación do segundo exercicio/proba

O tribunal cualificador publica, en síntese, a resolución dos escritos de alegación/impugnación/recursos da puntuación do **segundo exercicio, proba de coñecementos**.

**Escrito alegación/impugnación/recurso á corrección de varias preguntas e da cualificación do segundo exercicio (RE 2022999000001003 do 03/06/2022. Persoa aspirante NIF.: \*\*\*5112\*\*).**

1.- Que, o 1/06/2022, se realizou o segundo exercicio, *proba de coñecementos*, tipo test, correspondente á oferta dunha praza de auxiliar administrativo (PIE), persoal laboral temporal.

2.- Que, o 02/06/2022 foi publicado no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello de Santa Comba a cualificación do segundo exercicio referente á proba de avaliación do coñecementos para os efectos de dar trámite de audiencia ao persoal interesado.

No anuncio se establece un prazo de dous días hábiles para presentar alegacións (3 e 6/06/2022).

3.- Que, durante o prazo mencionado se formularon estas alegacións/recursos/reclamación:

Persoa aspirante	DNI/NIF	Rexistro de Entrada (RE)	Solicitud
Lema Amado, Noelia María	***5112**	2022999000001003 03/06/2022	1.- Non puideron obter copia nin do exame nin das respostas. 2.- A anulación ou a corrección das preguntas núm.: 14, 16, 17, 20, 33, 37

Pregunta núm. 14	No artigo 111 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por el que se aprueba el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales fálase de " <b>Funcionamiento de las Asambleas vecinales en el régimen de concejo abierto</b> ". Para que dichas Asambleas queden válidamente constituidas habrá de asistir una tercera parte de los vecinos, presentes o representados, que a ello tengan derecho. En ningún caso el número de presentes podrá ser inferior a tres"
Pregunta núm. 16	Na páxina do INE (INEbase / Demografía y población /Padrón. Población por municipios /Cifras oficiales de población de los municipios españoles: Revisión del Padrón Municipal / Resultados) pódese ler que "El Presidente del INE, con el informe favorable del Consejo de Empadronamiento, eleva al Gobierno la propuesta de cifras oficiales de población de los municipios españoles referidas a 1 de enero de cada año, para su aprobación mediante real decreto, declarando así como oficiales las cifras de población resultantes de la revisión del Padrón municipal y procediendo a su publicación en el Boletín Oficial del Estado", é dicir, sería o Goberno. <i>Como esta materia está fóra de temario, poderíamos entender que se refire á Ley 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Reximen Local, no seu artigo 17,1 ". La formación, mantenimiento, revisión y custodia del Padrón municipal corresponde al Ayuntamiento, de acuerdo con lo que establezca la legislación del Estado" ou mesmo no seu artigo 121.2 cando fala dos municipios de gran poboación, "Cuando un municipio, de acuerdo con las cifras oficiales de población resultantes de la revisión del padrón municipal aprobadas por el Gobierno con referencia al 1 de enero del año anterior al del inicio de cada mandato de su ayuntamiento..."</i>
Pregunta núm. 17	a plantilla dá como correcta a c), sen embargo, sería un exemplo claro de acto declarativo, no que se limita a declarar ou constatar unha situación xurídica. Non sería un acto discrecional.
Pregunta núm. 20	no gasto público local, o carácter limitativo e vinculante dos créditos fan referencia ao principio de especialidade:



	a plantilla da como correcta a a) a limitacion dos créditos veñen dadas por 3 aspectos: a cuantitativa (non comprometer máis gasto dos créditos autorizados), cualitativa (os créditos destinaranse para o que foi aprobado) e temporal, que por norma xeral, sería o ano. Estas 3 limitacións constitúen o principio de especialidade en xeral. Na pregunta no se fai referencia a unha en concreto.
<b>Pregunta núm. 33</b>	a Lei de subvencións de Galicia vixente: a plantilla da como correcta a c) sen embargo, é do 13 de xuño, a d)
<b>Pregunta núm. 37</b>	Nomenclator de Galicia. A plantilla da como correcta a b) sen embargo, e segundo o que está publicado na páxina do concello, tanto a resposta a), b) e c) serían correctas.

#### FEITOS:

1.- Que, o 1/06/2022, se realizou o segundo exercicio, *proba de coñecementos*, tipo test, correspondente á oferta dunha praza de auxiliar administrativo (PIE), persoal laboral temporal.

2.- Que, o 02/06/2022 foi publicado no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello de Santa Comba a cualificación do segundo exercicio referente á proba de avaliación do coñecementos para os efectos de dar trámite de audiencia ao persoal interesado.

No anuncio se establece un prazo de dous días hábiles para presentar alegacións (3 e 6/06/2022).

Logo de ver que o Tribunal Cualificador reuniuse ese mesmo día para confeccionar o cuestionario/exame do segundo exercicio o que non permitiu contar co tempo suficiente para repasar o seu contido, polo que se presume que poden existir erros de transcripción tanto nas preguntas coma na folia de respostas.

E de ver, examinar, verificar e comprobar o expediente así como o/s recurso/reclamación/alegación/s.

#### **1.- Non puideron obter copia do exame nin das respostas**

O Tribunal Cualificador amosa a súa desconformidade con esta afirmación xa que logo:

a) Se distribuíron as copias do exame a todo o persoal aspirante que así o solicitou na propia aula.

b) No que atinxe ás copias das respostas do persoal aspirante, o Tribunal Cualificador, distribuíu, (por eficiencia, eficacia e protección do medio ambiente), a copia do exame para que o persoal aspirante que así o solicitou na propia aula para o fin que puidesen copiar eles mesmos as súas respostas.

De acordo co anterior, se permitiu obter copia do exame e que o persoal aspirante traspasase el mesmo a esa copia as súas respostas.

c) Tamén se ofertou a posibilidade de obter copia das respostas do persoal aspirante despois de rematar o exercicio dependendo das posibilidades de fotocopiado ou achegalo á unha dirección electrónica.

d) As respostas foron publicadas no Taboleiro de Edictos Electrónico do Concello de Santa Comba e, a título informativo, na páxina web municipal, para os efectos de alegacións durante o prazo de dous días hábiles.

#### **2.- Impugnación/alegacións preguntas núm.: 14, 16, 17, 20, 33, 37**

Logo de deliberar os membros do tribunal e no exercicio da súa discrecionalidade técnica, de ser o caso.

Logo de revisar os traballos preliminares e cada unha das preguntas e respostas impugnadas no recurso/reclamación/alegación, resulta que:

#### **Pregunta núm. 14**

14. O mínimo de membros integrantes dunha Xunta Veciñal é de:

- a) 11
- b) 7
- c) 2
- d) 5



Observación: a persoa aspirante indica que na follla de respostas dá como correcta a d.  
Revisada a follla de respostas, consta como resposta correcta a c.

### Consideracións legais e técnicas

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (BOE núm. 80 do 03/04/1985), no artigo 29.3 establece o funcionamento do Concello Aberto:

... 3. *No réxime de Concello Aberto, o goberno e a administración municipais corresponden a un Alcalde e unha asemblea veciñal da que forman parte todos os electores. Axustan o seu funcionamento aos usos, costumes e tradicións locais e, na súa falta, ao establecido nesta Lei e as leis das Comunidades Autónomas sobre réxime local.*

- A Lei 5/1977, do 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (DOG núm. 149 do 05/08/1997 e BOE núm. 237 do 03/10/1997), no artigo 158 se refire á organización das entidades locais menores:

Artigo 158

*Da organización das Entidades Locais Menores*

1. *As Entidades Locais Menores contarán cun Alcalde pedáneo, unha Xunta Veciñal e os outros órganos complementarios de que poidan dotarse conforme o seu Regulamento orgánico.*

2. *A Xunta Veciñal estará formada polo Alcalde pedáneo, que a presidirá, e por un número de Vogais que non superará o terzo do de Concelleiros que integren o Concello.*

- o artigo 199.3 da Lei 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral (BOE núm. 147 do 20/06/1985), (en diante LOREX).

#### Artículo 199

3. *As Xuntas Veciñais das entidades locais menores **están formadas** polo alcalde pedáneo que as preside e **dous vogais** nos núcleos de poboación inferior a 250 residentes e por catro nos de poboación superior á esta cifra, sempre que o número de vogais non supere ao terzo do de concelleiros que integran o Concello, **nese caso o número de vogais será de dous**.*

Do anterior se deduce que a lexislación estatal e autonómica non establecen o número mínimo de membros integrantes dunha Xunta Veciñal polo que é de aplicación o artigo 199.3 da LOREX.

De acordo con todo o indicado, o Tribunal Cualificador, por unanimidade, ACORDA:

Desestimar o recurso/reclamación/alegación a esta pregunta:

**A resposta correcta:** c.

**Normativa aplicable:** os indicados nas condicións legais e técnicas mencionadas

- o artigo 199.3 da LOREX.

### Pregunta núm. 16

16. A aprobación dos padróns municipais é competencia de/da/do:

- a) Órgano competente de cada concello
- b) Deputación provincial respectiva
- c) Comunidade Autónoma respectiva
- d) Administración xeral do Estado

### Consideracións legais e técnicas

- Esta materia atópase no tema 8.- A autonomía local. A Lei 7/1985, de bases de réxime local: A administración local: entidades que integran. O municipio: concepto e elementos. O termo municipal.

**A poboación. O empadramento.** Estatuto dos veciños.

- Fonte Instituto Nacional de Estatística: o padrón municipal. A súa formación, mantemento, revisión e custodia corresponde aos respectivos Concellos, quen deben remitir ao INE as variacións mensuais que se producen nos datos dos seus padróns municipais. O INE, en cumprimento das súas competencias, realiza as comprobacións oportunas para fin de emendar posibles erros e duplicidades e obtén para cada municipio a cifra de poboación.



- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, (BOE núm. 80 do 03/04/1985), no artigo 17 establece:

*Artigo 17.1 : 1. A formación, mantemento, revisión e custodia do Padrón municipal corresponde ao concello, de acordo con o que estableza a lexislación do Estado.*

*Para este fin, os distintos organismos da Administración Xeral do Estado, competentes por razón da materia, remitirán periodicamente a cada Concello información sobre as variacións dos datos dos seus veciños que con carácter obrigatorio deben figurar no Padrón municipal, na forma que se estableza regulamentariamente.*

*Artigo 17.2: Se un concello non levase a cabo ditas actuacións, o Instituto Nacional de Estatística, previo informe do Consello de Empadramento, poderá requirirle previamente concretando a inactividade, e se for rexeitado, sen prexuízo dos recursos xurisdicionais que procedan, poderá acudir á execución substitutoria prevista no artigo 60 da presente lei*

*Artigo 17.3: os Concellos remitirán ao Instituto Nacional de Estatística os datos dos seus respectivos Padróns, na forma que regulamentariamente se determine pola Administración Xeral do Estado, para o fin de que poida levar a cabo a coordinación entre os Padróns de todos os municipios.*

De acordo con todo o indicado, o Tribunal Cualificador, por unanimidade, ACORDA:

Desestimar o recurso/reclamación/alegación a esta pregunta:.

**A resposta correcta:** d.

**Motivo:** os indicados nas condicións legais e técnicas mencionadas

#### Pregunta núm. 17

17. A expedición dun certificado de empadramento é un exemplo de acto:

- a) De trámite
- b) Declarativo
- c) Discrecional
- d) Constitutivo

A resposta que consta na folla de respostas: c.

Foron revisados os traballos preliminares e efectivamente a resposta correcta é a b. Un erro na transcripción das respostas. Cómpre a súa rectificación.

De acordo con todo o indicado, o Tribunal Cualificador, por unanimidade, ACORDA:

1 Estimar o recurso/reclamación/alegación a esta pregunta por ser a resposta correcta a b.

**A resposta correcta:** b.

**Motivo:** Actos declarativos son os que se limitan a constatar ou acreditar unha situación xurídica, sen alterala nin incidir nela.

2 Rectificar a folla de respostas na que constará a resposta correcta (b).

3 Revisar a cualificación final de todo o persoal aspirante por mor desta rectificación.

#### Pregunta núm. 20

20. No gasto público local, o carácter limitativo e vinculante dos créditos fan referencia ao principio de especialidade:

- a) Cuantitativa
- b) Cualitativa
- c) Temporal
- d) Dos tres tipos anteriores



## Consideracións legais e técnicas

Atopamos unha definición de crédito orzamentario no artigo 35.1 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, (BOP núm. 284 do 27/11/2003): *son créditos orzamentarios cada unha das asignacións individualizadas de gasto que figuran nos orzamentos (...) postas á disposición dos centros xestores para a cobertura das necesidades para as que sexan aprobados. A súa especificación virá determinada, de acordo con a agrupación orgánica, por programas e económica que en cada caso proceda, (...) sen prexuízo das desagregacións necesarias a efectos da adecuada contabilización da súa execución.*

Son por tanto os importes que, distribuídos en partidas de gasto, aparecen reflectidos nos orzamentos. Estes créditos orzamentarios atópanse sometidos ao triplo principio de especialidade:

- **Principio de especialidade cualitativa:** os recursos deben asignarse aos obxectivos fixados no orzamento e non para outros. As formas máis habituais de incumprimento son as transferencias de crédito entre partidas orzamentarias a través dun uso excesivo da flexibilidade do goberno na execución do orzamento.

O artigo. 35.1 TRLHRM establece que *“os créditos para gastos destinaranse exclusivamente á finalidade específica para a que sexan autorizados pola LPPGGCA ou polas modificacións aprobadas conforme a este Lei”*. Os créditos de gastos son orzados para unha finalidade determinada, e só poden ser utilizados para satisfacer a dita finalidade. Con todo, neste mesmo artigo déixase aberta a posibilidade de que existan excepcións ao principio de especialidade cualitativa cando se aproben modificacións orzamentarias conforme á propia lei de facenda.

- **Principio de especialidade temporal:** A autorización é válida para un determinado período de tempo. As actuacións orzamentarias débense realizar dentro do exercicio orzamentario (España: ano civil: 1 xaneiro-31 decembro), sendo o período de execución do orzamento un ano. Ao final, prodúcese o peche do exercicio e procédese á liquidación do orzamento

O artigo 38.1 do TRLHRM: *“os créditos para gastos que no último día do exercicio orzamentario non estean afectados o cumprimento de obrigas xa recoñecidas quedarán anulados de pleno dereito”* como no artigo 39.1: *“con cargo aos créditos do estado de gastos consignados no orzamento só poderán contraerse obrigas derivadas de gastos que se realicen no ano natural do exercicio orzamentario”*.

É dicir que os créditos que se aproban no estado de gastos dos orzamentos teñen unha duración limitada polo exercicio orzamentario e aqueles que non cheguen á fase de recoñecemento de obrigação a 31 de decembro quedarán anulados.

- **Principio de especialidade cuantitativa:** os gastos unicamente serán contraídos e realizados ata o importe que no orzamento previuse de tal forma que *“non poderán adquirirse compromisos de gastos por contía superior ao importe dos créditos autorizados nos estados de gastos, sendo nulos de pleno dereito os acordos, resolucións e actos administrativos que infrinxan a expresada norma, sen prexuízo das responsabilidades a que haxa lugar”*, segundo recolle o artigo 172.2 do TRLRHL. Só serán realizados gastos ata o importe que se previu para eles no orzamento, importe que adquire así un carácter limitativo.

Por tanto, a autorización orzamentaria é para realizar gastos por unha **cantidade máxima e concreta**, segundo despréndese do artigo 46 da LGP, cando sinala que *“os créditos para gastos son limitativos. Non poderán adquirirse compromisos de gasto nin adquirirse obrigacións por contía superior ao importe dos créditos autorizados nos estados de gastos, sendo nulos de pleno dereito os actos administrativos e as disposicións xerais con rango inferior a lei que incumpran esta limitación, sen prexuízo das responsabilidades reguladas no título VII desta lei”*.

O artigo 36 do Decreto legislativo 1/1999, do 2 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de facenda da Rexión de Murcia (TRLFRM). Nel dise que *“non poderán adquirirse compromisos de gastos por contía superior ao importe dos créditos autorizados nos estados de gastos, sendo nulos*



*de pleno dereito os actos administrativos e as disposicións xerais con rango inferior a lei que infrinxan a expresada norma, sen prexuízo das responsabilidades a que haxa lugar”.*

De acordo con todo o indicado, o principio de especialidade cuantitativa non só está determinado o fin para o que podemos gastar (principio de especialidade cualitativa), senón que ademais estao o importe que nos podemos gastar.

De acordo con todo o indicado, o Tribunal Cualificador, por unanimidade, ACORDA:

Desestimar o recurso/reclamación/alegación a esta pregunta:

**Motivo:** a única resposta totalmente correcta ou en todo caso a máis correcta: a.

**Normativa aplicable:** a especificada nas consideracións legais e técnicas indicadas.

### Pregunta núm. 33

33. A Lei de subvencións de Galicia vixente:

- a) Lei 8/2017, do 13 de xuño
- b) Lei 9/2016, do 13 de xuño
- c) Lei 9/2017, do 12 de xuño
- d) Lei 9/2017, do 13 de xuño

A resposta que consta na folla de respostas: c

A resposta que propón a persoa interesada: d

Foron revisados os traballos preliminares e atópase un erro na transcripción da pregunta, na súa orde e tamén na resposta correcta.

#### Consideracións legais e técnicas

- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, (DOG núm. 121 do 25/06/2007 e BOE núm. 171 do 18/07/2007). Vixencia desde o 25/09/2007. Revisión vixente desde o 30/01/2021.
- A resposta correcta: ningunha das respostas é correcta.
- A Base 8 que rexe neste proceso selectivo sinala:

*b) Segundo exercicio. Proba de coñecementos.*

*De carácter obrigatorio e eliminatorio.*

*Este exercicio estará orientado a comprobar os coñecementos teóricos persoal aspirante nas materias comúns e específicas.*

*Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario de 40 preguntas con catro respostas alternativas cada unha, das cales só unha é a verdadeira, máis cinco preguntas de reserva, ante posibles anulacións, de contestación tamén obligatoria.*

*Neste suposto, a pregunta anulada do exame inicial terase por non formulada e será substituída pola primeira pregunta de reserva, e así sucesivamente no caso de que houbera máis dunha anulación.*

De acordo con todo o indicado, o Tribunal Cualificador, por unanimidade, ACORDA:

1 Desestimar o recurso/reclamación/alegación a esta pregunta.

**Motivo:** ningunha das respostas é a verdadeira.

2 Anular esta pregunta do exame inicial que se terá por non formulada.

3 Ao anularse esta pregunta, que non se terá en conta para a cualificación final, ocupará o seu lugar a pregunta de reserva núm. 41 (R1). Así mesmo, revisarase a cualificación final coa entrada desta pregunta reserva.





### Pregunta núm. 37

37. Nomenclátor de Galicia. Parroquia de Santa Comba, sinala a correcta:

- a) Castriz, San Pedro
- b) Pereira, A (Santo André)
- c) Freixeiro, (San Félix)
- d) Ser, (San Ramón)

#### Consideracións legais e técnicas

- O nomenclátor de Galicia é un corpus toponímico desenvolvido pola Xunta de Galicia que regula os topónimos oficiais dos lugares, parroquias e concellos de Galicia.

O nomenclátor está editado pola Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia e ten carácter legal canto á denominación das entidades de poboación.

- A Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública da Xunta de Galicia no Decreto 189/2003, do 6 de febreiro, aproba o nomenclátor correspondente ás entidades de poboación da provincia da Coruña (DOG núm. 59 do 25/03/2003 e BOE núm. 266 do 6/11/2003).

De acordo con todo o indicado, o Tribunal Cualificador, por unanimidade, ACORDA:

1 Desestimar o recurso/reclamación/alegación a esta pregunta.

**A resposta correcta:** b.

**Motivo:** o indicado nas consideracións legais e técnicas mencionadas.

2 Trasladar as deficiencias observadas pola persoa aspirante ao órgano competente municipal.

### 3 Escrito alegación/impugnación á corrección de varias preguntas e da cualificación do segundo exercicio (RE 202299900001017 do 06/06/2022. Persoa aspirante NIF.: \*\*\*3087\*\*).

1.- Que, o 1/06/2022, se realizou o segundo exercicio, *proba de coñecementos*, tipo test, correspondente á oferta dunha praza de auxiliar administrativo (PIE), persoal laboral temporal.

2.- Que, o 02/06/2022 foi publicado no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello de Santa Comba a cualificación do segundo exercicio referente á proba de avaliación do coñecementos para os efectos de dar trámite de audiencia ao persoal interesado.

No anuncio se establece un prazo de dous días hábiles para presentar alegacións (3 e 6/06/2022).

3.- Que, durante o prazo mencionado se formularon estas alegacións/recursos/reclamación:

Persoa aspirante	DNI/NIF	Rexistro de Entrada (RE)	Solicitud
Sieira Martínez, Plácida	***3087**	202299900001017 06/06/2022	1.- Se teñan en conta as alegacións ás preguntas núm.: 4, 25 e 33

#### Pregunta núm. 4

Que en la plantilla provisional de respuestas publicada en la página web del Ayuntamiento de Santa Comba el día 2 de junio, se da por válida la opción C) Cinco.

Que dicha pregunta se encuentra recogida en el artículo 2 de la Ley 44/1988, de 15 de diciembre, de Planta y Organización Territorial de la Jurisdicción Militar, materia que no es objeto de examen según las bases de la convocatoria publicadas en el BOP número 75, el 21 de Abril del presente año, por no encontrarse dicha ley entre los 22 temas que figuran en el Anexo I: Programa de las materias.

Es, por ello, que se solicita la ANULACIÓN de dicha pregunta por no figurar dentro del temario objeto de examen

<b>Pregunta núm. 25</b>	Que en la plantilla provisional de respuestas publicada en la página web del Ayuntamiento de Santa Comba el día 2 de junio, se da por válida la opción B) Adjudicación Artículo 36. Perfección de los contratos, cita textualmente: Según el apartado 1 del artículo 36 los contratos, a excepción de los menores y los basados en acuerdo marco, se perfeccionan con su FORMALIZACIÓN. Dado que en el enunciado de la pregunta, no se menciona que se trate de un contrato menor o acuerdo marco, la respuesta correcta a dicha pregunta debe ser la opción A) Formalización. Es, por ello, que se solicita la MODIFICACIÓN de la respuesta a dicha pregunta, ya que la opción correcta sería la opción A) Formalización.
<b>Pregunta núm. 33</b>	A la ANULACIÓN de la pregunta número 33 por no corresponderse ninguna de las opciones dadas con la Ley de subvenciones de Galicia

#### FEITOS:

- 1.- Que, o 1/06/2022, se realizou o segundo exercicio, *proba de coñecementos*, tipo test, correspondente á oferta dunha praza de auxiliar administrativo (PIE), persoal laboral temporal.
- 2.- Que, o 02/06/2022 foi publicado no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello de Santa Comba a cualificación do segundo exercicio referente á proba de avaliación do coñecementos para os efectos de dar trámite de audiencia ao persoal interesado.  
No anuncio se establece un prazo de dous días hábiles para presentar alegacións (3 e 6/06/2022).
- 3.- Que, durante o prazo mencionado se formularon estas alegacións/recursos/reclamacións:

#### Pregunta núm. 4

#### 4. Xurisdición militar. Territorios militares nos que se divide España:

- a) Catro
- b) Seis
- c) Cinco
- d) Sete

#### Consideracións legais e técnicas

1. A subordinación das forzas armadas ao Goberno se establece no Título IV, do Goberno e a Administración, artigo 97 da Constitución Española (en diante CE): «O Goberno dirixe a política interior e exterior, a Administración civil e militar e a defensa do Estado...».  
A reserva competencial que o artigo 149.1.4 da CE realiza a prol do Estado das materias relativas a defensa e forzas armadas
2. A CE, no artigo 117, establece:  
*Artigo 117.1: a xustiza emana do pobo e adminístrase en nome do Rei por Xuíces e Maxistrados integrantes do poder xudicial, independentes, inamovibles, responsables e sometidos unicamente ao imperio da lei.*  
*Artigo 117.3: o exercicio da potestade xurisdicional en todo tipo de procesos, xulgando e facendo executar o xulgado, corresponde exclusivamente aos Xulgados e Tribunais determinados polas leis, segundo as normas de competencia e procedemento que as mesmas establezan.*  
*Artigo 117.5: o principio de unidade xurisdicional é a base da organización e funcionamento dos Tribunais. A lei regulará o exercicio da xurisdición militar no ámbito estritamente castrense e nos supostos de estado de sitio, de acordo cos principios da Constitución.*

Do anterior, pode concluírse que as forzas armadas constitúen un sector da Administración Pública.

3. Ás Forzas Armadas, a Carta Magna asígnalles a misión de garantir a soberanía e independencia de España, defender a súa integridade territorial e o ordenamento constitucional. Todos os poderes públicos contribuirán a que realícese este fin. Ao Rei, xefe do Estado, correspóndelle o Mando Supremo das Forzas Armadas, así como, previa autorización das Cortes Xerais, declarar a guerra e facer a paz.



4. O Real Decreto 372/2020, do 18 de febreiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Defensa (BOE núm. 43 do 19/02/202. Ministerio de Política Territorial e Función pública), establece:
- Artigo 1.1: O Ministerio de Defensa é o departamento da Administración Xeral do Estado ao que lle corresponde a preparación, o desenvolvemento e a execución da política de Defensa determinada polo Goberno e a xestión da administración militar.*
- Artigo 1.3: O Ministerio de Defensa, baixo a dirección da persoa titular do Departamento, estrutúrase en: a) As Forzas Armadas. b) A Secretaría de Estado de Defensa. c) A Subsecretaría de Defensa. d) A Secretaría Xeral de Política de Defensa.*
- Artigo 3.2: O Xefe de Estado Maior da Defensa (JEMAD), con rango de Secretario de Estado, ostentará a representación do Departamento, por delegación da persoa titular do Departamento, nos casos en que esta se a confira, e a representación militar nacional ante as organizacións internacionais de seguridade e defensa.*
5. A Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial (BOE núm. 157 do 02/07/185), establece no artigo 55:
- O Tribunal Supremo estará integrado polas seguintes salas: ... Quinta: de lo Militar.*
6. A Lei 9/1988, do 21 de abril, de Planta e Organización Territorial da Xurisdición Militar, promulgouse en desenvolvemento dos artigos 44 e 59 da Lei Orgánica 4/1987, do 15 de xullo, da Competencia e Organización da Xurisdición Militar, nos que se establece que por Lei se determinará a división territorial xurisdicional militar de España e sinalarase a sede dos Tribunais Militares Territoriais, co establecemento da demarcación destes.
- Os acordos da Sala de Goberno gozarán de executoriedade e poden ser recorridos, en alzada, ante o **Consello Xeral do Poder Xudicial. Aplicarase subsidiariamente a Lei de Procedemento Administrativo.***

Do anterior, pode concluírse que esta materia está recollida no anexo I: programa das materias que rexe neste proceso selectivo:

Tema 2.- A Coroa. As Cortes Xerais: réxime xurídico, composición, organización e atribucións. Elaboración das leis. Clases de leis. **O poder xudicial.**

Tema 3.- **Organización territorial do Estado na Constitución:** Principios e criterios básicos da Administración central, autonómica e local.

Neste último caso, na organización territorial do Estado para os efectos xudiciais.

De acordo con todo o indicado, o Tribunal Cualificador, por unanimidade, ACORDA:

Desestimar o recurso/reclamación/alegación a esta pregunta:

**A resposta correcta:** Cinco.

**Materia:** recollida nos temas 2 e 3 do anexo I: programa de materias

**Motivo:** os indicados nas consideracións legais e técnicas mencionadas

### Pregunta núm. 25

25. A perfección dos contratos administrativos se efectúa por medio da:

- a) Formalización
- b) Adxudicación
- c) Prestación da garantía definitiva
- d) Na proposta de adxudicación que realice a mesa de contratación

Foron revisados os traballos preliminares, a pregunta elixida non se transcribiu correctamente xa que debería referirse aos contratos baseados en acordo marco.

A resposta correcta da pregunta así redactada é: a. Cómpre a súa rectificación.



### Consideracións legais e técnicas

- A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP), no artigo 36, perfección dos contratos:

1. Os contratos que celebren os poderes adxudicadores, fóra dos contratos menores e dos contratos baseados nun acordo marco e os contratos específicos no marco dun sistema dinámico de adquisición aos que se refire o apartado 3 deste artigo, perfecciónanse coa súa formalización.

De acordo con todo o indicado, o Tribunal Cualificador, por unanimidade, ACORDA:

1 Estimar o recurso/reclamación/alegación a esta pregunta:

**A resposta correcta:** a.

**Materia:** artigo 36.1 da LCSP

**Motivo:** o indicado nas consideracións legais e técnicas mencionadas

2 Rectificar a folla de respostas na que constará a resposta correcta (a)

3 Revisar a cualificación final de todo o persoal aspirante por mor desta rectificación

### Pregunta núm. 33

33. A Lei de subvencións de Galicia vixente:

- a) Lei 8/2017, do 13 de xuño
- b) Lei 9/2016, do 13 de xuño
- c) Lei 9/2017, do 12 de xuño
- d) Lei 9/2017, do 13 de xuño

Foron revisados os traballos preliminares e atópase un erro na transcripción da pregunta, na súa orde tamén na resposta correcta.

### Consideracións legais e técnicas

- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, (DOG núm. 121 do 25/06/2007 e BOE núm. 171 do 18/07/2007). Vixencia desde o 25/09/2007. Revisión vixente desde o 30/01/2021.

- A resposta correcta: ningunha das respostas é correcta.

- A Base 8 que rexe neste proceso selectivo sinala:

b) Segundo exercicio. Proba de coñecementos.

*De carácter obrigatorio e eliminatorio.*

*Este exercicio estará orientado a comprobar os coñecementos teóricos persoal aspirante nas materias comúns e específicas.*

*Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario de 40 preguntas con catro respostas alternativas cada unha, das cales só unha é a verdadeira, máis cinco preguntas de reserva, ante posibles anulacións, de contestación tamén obrigatoria.*

*Neste suposto, a pregunta anulada do exame inicial terase por non formulada e será substituída pola primeira pregunta de reserva, e así sucesivamente no caso de que houbera máis dunha anulación.*

De acordo con todo o indicado, o Tribunal Cualificador, por unanimidade, ACORDA:

1 Estimar o recurso/reclamación/alegación a esta pregunta:

**Motivo:** ningunha das respostas é a verdadeira

2 Anular esta pregunta do exame inicial que se terá por non formulada

3 Ao anularse esta pregunta, que non se terá en conta para a cualificación final, ocupará o seu lugar pregunta de reserva núm. 41 (R1). Así mesmo, revisarase a cualificación final coa entrada desta pregunta de reserva



## Outro acordo

O Tribunal Cualificador, por unanimidade, acordou continuar co proceso selectivo.

## Recursos

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a Sra. alcaldesa do Concello de Santa Comba, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación, todo iso de conformidade co disposto nos artigos 121 e seguinte da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

### Lugares de presentación do recurso de alzada:

- Presencial: na Praza do Concello, 1. 15841 Santa Comba, A Coruña.
- Na sede electrónica municipal (<https://sede.santacomba.es/opencms/es/>)
- Nos rexistros físicos de calquera órgano da administración xeral do Estado, de órganos das administracións das comunidades autónomas e de entidades que integran a administración local.
- No rexistro electrónico de calquera órgano administrativo que pertenza á administración xeral do Estado, ás administracións das comunidades autónomas, ás entidades que integran a administración local ou ao sector público institucional
- Nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro.
- Nas oficinas de asistencia
- Nas oficinas de Correos.

Santa Comba, 13 de xuño de 2022

O presidente do tribunal

Evaristo Lois Rama  
(Documento que se asina electronicamente)